


## II Concurso de interpretación **MESTRE VIDE**

ORGANIZA



COLABORA



**10 de abril de 2021**

**Conservatorio Profesional de Música de Ourense**

## II Concurso de interpretación

### INTRODUCCIÓN

O Conservatorio Profesional de Música de Ourense organiza o II Concurso de interpretación musical "Mestre Vide" co fin de motivar, incentivar e estimular nos xoves intérpretes o estudo do seu instrumento e para dar a coñecer a figura e a obra do que foi un dos compositores máis notables da nosa cidade.

### BASES

1º Poderán participar neste Concurso estudantes de calquera especialidade e que estean matriculados en calquera dos Conservatorios de Grao Elemental e Grao Profesional de Galicia.

2º O Concurso está aberto tanto a solistas como a grupos de Música de Cámara das diferentes especialidades. Os grupos que participen pola modalidade de Música de Cámara non poderán exceder de nove compoñentes, e deberán estar todos matriculados nalgún dos centros especificados no 1º punto. Non se poderán empregar instrumentos electrónicos.

3º Establécense dúas modalidades de participación:

#### Modalidade Solista:

*CATEGORÍA A:* de 16 anos en diante.

*CATEGORÍA B:* de 12 a 15 anos de idade, non tendo cumpridos os 16 anos o día 10 de abril de 2021.

*CATEGORÍA C:* ata 11 anos de idade, non tendo cumpridos os 12 anos o día 10 de abril de 2021.

#### Modalidade Música de Cámara:

*CATEGORÍA A:* A media de idade dos seus compoñentes será de 16 anos en diante.

*CATEGORÍA B:* A media de idade dos seus compoñentes, será ata 15 anos de idade, sendo a media inferior a 16 anos o día 10 de abril de 2021.

4º O desenvolvemento das probas será previsiblemente público e o seu aforo estará supeditado ás condicións sanitarias do momento.

5º As probas poderán ser gravadas e difundidas mediante calquera medio audiovisual. Os participantes renuncian a calquera dereito derivado do devandito concepto.

6º O Concurso levarase a cabo no Auditorio do Conservatorio Profesional de Música de Ourense, con estrito cumprimento do protocolo de seguridade.

7º A organización resérvase o dereito de modificar as datas ou calquera outro imprevisto que poida xurdir.

8º Os concursantes que precisen acompañamento musical deberán aportar os seus propios acompañantes, correndo eles mesmos cos custos orixinados por este concepto. En ningún caso se autorizará a participación se se empregan gravacións, audios e/ou outros medios electrónicos.

9º O Concurso constará dunha única proba. En calquera caso, a organización do Concurso poderá facer unha preselección de participantes se o número de inscricións imposibilitase a realización do concurso o día programado.

10º Os concursantes deberán acreditarse debidamente, presentando o DNI ou pasaporte. Así mesmo achegarán dúas copias das obras ou movementos de obra que interpretarán para o xurado. Son causas de exclusión directa do concurso a falsidade na documentación achegada.

11º Tódolos concursantes recibirán un certificado acreditativo.

12º A cota de inscrición será de 15€ para a Modalidade Solista e de 30€ para a Modalidade Música de Cámara.

13º A inscrición no Concurso leva á aceptación das bases.

14º O fallo do xurado será inapelable, incluíndo toda aquela casuística non contemplada nestas bases.

### PROBAS

#### Modalidade Solista:

*CATEGORÍA A:* Interpretar un mínimo de dúas obras ou movementos de obra de diferentes estilos cunha duración que non excederá dos 20 minutos.

*CATEGORÍA B:* Interpretar un mínimo de dúas obras ou movementos de obra de diferentes estilos cunha duración que non excederá dos 15 minutos.

*CATEGORÍA C:* Interpretar un mínimo de dúas obras ou movementos de obra de diferentes estilos cunha duración que non excederá dos 12 minutos.

#### Modalidade Música de Cámara:

*CATEGORÍA A:* Interpretar un mínimo dunha obra ou movemento de obra cunha duración que non excederá de 20 minutos.

*CATEGORÍA B:* Interpretar un mínimo dunha obra ou movemento de obra cunha duración que non excederá dos 15 minutos.

### PREMIOS PARA SOLISTAS

#### CATEGORÍA A:

1º PREMIO: lote de material valorado en 200€ + Diploma.

2º PREMIO: lote de material valorado en 150€ + Diploma.

PREMIO "ANPA" (Premio do público): valorado en 150€ + Diploma.

#### CATEGORÍA B:

1º PREMIO: lote de material valorado en 120€ + Diploma.

2º PREMIO: lote de material valorado en 100€ + Diploma.

PREMIO "ANPA" (Premio do público): valorado en 100€ + Diploma.

#### CATEGORÍA C:

1º PREMIO: lote de material valorado en 80€ + Diploma.

2º PREMIO: lote de material valorado en 60€ + Diploma.

PREMIO "ANPA" (Premio do público): valorado en 60€ + Diploma.

### PREMIOS PARA GRUPOS DE CÁMARA

#### CATEGORÍA A:

1º PREMIO: lote de material valorado en 200€ + Diploma.

2º PREMIO: lote de material valorado en 150€ + Diploma.

PREMIO "ANPA" (Premio do público): valorado en 150€ + Diploma.

#### CATEGORÍA B:

1º PREMIO: lote de material valorado en 120€ + Diploma.

2º PREMIO: lote de material valorado en 100€ + Diploma.

PREMIO "ANPA" (Premio do público): valorado en 100€ + Diploma.

### OUTROS PREMIOS

#### Premio "Mestre Vide"

Aqueles concursantes que desexen optar ó Premio Mestre Vide, deberán presentar, incluída dentro da súa participación, unha obra ou movemento de obra do compositor. A duración desta obra excluirase do tempo de interpretación marcado para a categoría pola que concurra.

PREMIO: lote de material valorado en 100€ + Diploma.

### INSCRICIÓN

O Concurso celebrarase o 10 de abril de 2021 no Auditorio do Conservatorio Profesional de Música de Ourense.

Para inscribirse, os participantes deberán formalizar a inscrición antes do día 26 de febreiro de 2021 e presentando a documentación seguinte:

- Boletín de inscrición, que se poderá cumprimentar tamén online.
- Resgardo bancario da cuota de inscrición.  
(ABANCA ES65 2080 5260 7031 1007 1809)
- Fotocopia do DNI ou pasaporte, no caso de grupos, de tódolos participantes.
- Fotocopia das obras a interpretar.

A documentación achegarase por correo electrónico:  
conservatoriourense@conservatoriourense.org.

Ou por correo postal a:

Conservatorio Profesional de Música de Ourense, Rúa Pablo Iglesias, s/n  
C.P. 32004 Ourense.

**INFORMACIÓN:** [www.conservatoriourense.org](http://www.conservatoriourense.org) (Tfno: 988 39 10 47)

## II CONCURSO DE INTERPRETACIÓN MUSICAL MESTRE VIDE

BOLETÍN DE INSCRICIÓN

### SOLISTA OU REPRESENTANTE DE GRUPO DE CÁMARA

Nome e Apellidos \_\_\_\_\_

Enderezo \_\_\_\_\_

Tfno. \_\_\_\_\_ Especialidade \_\_\_\_\_

E-mail \_\_\_\_\_

Localidade \_\_\_\_\_

Provincia \_\_\_\_\_

CP \_\_\_\_\_

### GRUPOS DE CÁMARA

Nome do grupo \_\_\_\_\_

Nome, apelidos e especialidade dos compoñentes: \_\_\_\_\_

### OBRAS A INTERPRETAR

1ª \_\_\_\_\_ Duración \_\_\_\_\_

2ª \_\_\_\_\_ Duración \_\_\_\_\_

3ª \_\_\_\_\_ Duración \_\_\_\_\_

4ª \_\_\_\_\_ Duración \_\_\_\_\_